

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 02/12/2021 8:29:51
SAIDA 18677/21



Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 146/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 27 de setembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, un escrito, que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 27 de setembro de 2021, no que solicita que pola Comisión da Transparencia se formule petición ao Concello de Cangas do Morrazo do contrato de subministración do ciclo integral da auga.

O reclamante indicaba que a Comisión da Transparencia de Galicia con data do 1 de xullo de 2017 (expediente RSCTG 013/2017) estimoulle a reclamación.

Tras o pertinente estudo, pronunciose resolución de do 1 de xullo de 2017, na que se estima a súa reclamación contra a denegación de acceso á información sobre o contrato de xestión de servizo público mediante concesión administrativa, relativo ao ciclo integral da auga no Concello de Cangas, aprobado o 26 de setembro de 2014.

Indica que o seu letrado acudiu con el á cita que tiña no Concello e que acordaron que se lles facilitaría unha copia do contrato de subministración do ciclo integral da auga ao dito letrado, sen que por parte do mesmo se lle aportara a copia do contrato.

O reclamante interpuxo queixa contra o letrado ante o Colexio de Avogados de Pontevedra, que foi arquivada por falla de contido deontolóxico e recurso de alzada contra a resolución do Colexio de Avogados de Pontevedra, que foi inadmitido polo Consello da Avogacía Galega.

O interesado comunica que nestes momentos está a estudar a interposición da demanda contenciosa administrativa correspondente e solicita que por parte da Comisión da Transparencia se solicite ao Concello a copia do contrato de subministración do ciclo integral da auga.

Segundo. Con data do 30 de setembro de 2021 solicitouse ao interesado aclaración de se co seu escrito se estaba a solicitar o cumprimento da resolución desta Comisión recaída no expediente RSCTG 13/2017, ou está a presentar unha reclamación contra a falla de contestación a unha solicitude de obtención do dito contrato, presentada novamente.

Terceiro. Con data do 4 de outubro de 2021 o interesado remite escrito de contestación ao requirimento, no que manifesta que o que está a solicitar é que a Comisión presente novamente a reclamación contra a falta de contestación por parte do Concello de Cangas do Morrazo xa que no seu momento outorgou ao seu letrado dita xestión e non fixo nada ao respecto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto.- Análise do expediente

No presente caso, o interesado presentou unha reclamación no ano 2017, contra a denegación polo Concello de Cangas, de obtención de copia do contrato solicitado. A dita reclamación, foi estimada por esta Comisión con data do 1 de xullo de 2017 (expediente RSCTG 013/2017) e segundo informa o interesado, o Concello comunicoulle que se lle facilitaría unha copia ao seu representante (o seu letrado), sen que o interesado obtivese resposta por parte do seu letrado de se lle entregou ou non a dita copia.

Á vista da existencia deste precedente, idéntico ao actual, lémbrese que a vía para solicitar a información aínda non facilitada non é presentar unha nova reclamación cos mesmos documentos e o mesmo argumento material. Como informa o interesado, o Concello comunicou a súa disposición a proporcionarlle a información, sen que conste que polo interesado se acudise ao Concello a obter a mesma e se lle houbera denegado.

Por tanto, procede a inadmisión da reclamación presentada, de conformidade co disposto no artigo 116c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao non existir acto susceptible de reclamación, e non ser posible a interposición dunha nova reclamación sobre os mesmos feitos sobre os que esta Comisión xa resolveu.

O anterior non obsta para que, se o Concello lle denegase o acceso á información sobre a que esta Comisión resolveu que ten dereito (expediente RSCTG 13/2017), o comunique aos efectos de que pola Comisión se lle solicite ao Concello informe sobre a execución da resolución do referido expediente RSCTG 13/2017.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir o escrito presentado por [REDACTED] polo que require a esta Comisión para que solicite ao Concello de Cangas a copia do contrato de subministración do ciclo integral da auga.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2021.12.01 14:08:28 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.